



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 29 DE XANEIRO DE 2020**

**1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.** Ratifícase a urxencia.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á ampliación do prazo para que a Universidade de Santiago adopte acordo de adscrición ou cesión gratuíta a favor do Concello, do inmovible sito na rúa das Casas Reais, 8; e outros extremos.** Acórdase a ampliación a dous meses do prazo establecido no apartado 4 do acordo de adscrición adoptado o pasado 25 de novembro de 2019 pola Xunta de Goberno Local para que a Universidade adopte o acordo correspondente de adscrición ou cesión de uso gratuíta alo menos polo prazo de vinte anos a favor do Concello do inmovible sito na rúa de Casas Reais, 8, e ademais poña a disposición do concello o uso da edificación mediante a sinatura da correspondente acta de cesión, onde se deixará constancia da entrega da posesión dos bens e dereitos comprendidos.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao reaxuste da proposta de anualización do gasto previsto para financiar o "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020".** Apróbase o reaxuste, quedando do seguinte xeito: anualidade 2020, 929.855,56 euros; e anualidade 2021, 114.994,44 euros.